




Área / Unidad GESTION ADMINISTRATIVA MEDIO AMBIENTE MA1000 RLC	Documento 5411AI08G4	
Código de verificación  5618 524H 2F23 3U01 0FE7	Expediente 108/2024/1367	
	Fecha 22-06-2026	

Tribunal do proceso selectivo convocado para a cobertura de 11 prazas de subalterno/a (AP), da escala de administración xeral, subescala subalterna, pola quenda libre, C.E 7/24.

RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS AO PRIMEIRO EXERCICIO

O pasado 2 de xuño de 2026 publicouse o cadro das respostas correctas do cuestionario do primeiro exercicio. Concedeuse un prazo de 5 días hábiles para formular alegacións.

Presentáronse en tempo e prazo un total de 82 solicitudes de opositores e opositoras que afectan a 16 preguntas do cuestionario.

A continuación, dáse traslado do extracto da acta na que se recollen as deliberacións do tribunal fronte ás alegacións presentadas:

De seguido o tribunal procede a resolver cada unha das alegacións pola orde na que as preguntas alegadas figuran no cuestionario do primeiro exercicio da proba selectiva.

PREGUNTA NÚMERO 4: A pregunta 4, di. *“Que principio do artigo 9.3 da Constitución Española impide que se apliquen disposicións sancionadoras non favorables ou restritivas de dereitos individuais*

- A. *O principio de xerarquía normativa*
- B. *O principio de irretroactividade*
- C. *O principio de seguridade xurídica*
- D. *O principio de publicidade das normas”*

O enunciado da pregunta fai unha remisión expresa ao artigo 9.3 da Constitución Española [...] “a Constitución garante o principio de legalidade, a xerarquía normativa, a publicidade das normas, a irretroactividade das disposicións sancionadoras non favorables ou restritivas de dereitos individuais, a seguridade xurídica, a responsabilidade e a interdicción da arbitrariedade dos poderes públicos.”

Tomando como referencia devandito artigo 9.3 CE o enunciado da pregunta é obxecto exclusivo dun único principio constitucional: a irretroactividade. Ningún dos outros principios mencionados nas opcións de resposta (xerarquía normativa, seguridade xurídica ou publicidade das normas) garda relación textual nin material con este tipo específico de disposicións, polo que a omisión do termo “retroactivamente” neste contexto non provoca ambigüidade nin confusión. Por tanto, a pregunta está correcta e perfectamente formulada para os opositores cun coñecemento adecuado da norma.

Polo exposto, este tribunal acorda **DESESTIMAR** a impugnación efectuada sobre a pregunta 4 do cuestionario ao considerar que as argumentacións efectuadas non están xustificadas e mantense como opción correcta a B.



Concello da Coruña

PREGUNTA NÚMERO 18: A pregunta dí: "O artigo 7 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, recolle que as entidades locais poderán delegar na comunidade autónoma ou noutras entidades locais en cuxo territorio estean integradas, as facultades de: (sinala a INCORRECTA)

- A. Xestión
- B. Liquidación
- C. Recadación
- D. Emisión".

Os alegantes expoñen en síntese que o tema 2 recolle "(...)Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido la Lei reguladora das Facendas Locais: Recursos das facendas locais: Enumeración. Imposición e ordenación dos tributos locais. Taxas. Prezos públicos". Que se refire os artigos 2, 15 a 19, 20 a 27 e 41 a 47, polo que o consideran fora de temario.

Visto que o artigo 7 esta dentro do título I Recursos das facendas locais, pero dentro do capítulo de III Tributos (sección 1ª. Normas xerais), que non aparece recollido na descripción do temario, e por tanto debe ser anulada por non figurar no temario de referencia.

Visto que non figura no temario de forma expresa o capítulo III Tributos, o tribunal acorda **ESTIMAR** esta alegación e, en consecuencia, **ANULAR esta pregunta**, que pasa a ser substituída pola pregunta de **RESERVA NÚMERO 1**.

PREGUNTA NÚMERO 24: A pregunta dí: "Segundo o artigo 21 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, as entidades locais non poderán esixir taxas polos servizos seguintes: (sinala a INCORRECTA)

- A. Abastecemento de augas en fontes públicas
- B. Iluminación de vías públicas
- C. Ensino de educación secundaria
- D. Protección civil"

Unha persona opositora alega a indeterminación das respostas ao incluír a resposta incorrecta.

O artigo 21.1 di: "1. Las entidades locales no podrán exigir tasas por los servicios siguientes:

- a) Abastecimiento de aguas en fuentes públicas.
- b) Alumbrado de vías públicas.
- c) Vigilancia pública en general.
- d) Protección civil.
- e) Limpieza de la vía pública.
- f) Enseñanza en los niveles de educación obligatoria"

Como pode apreciarse nas respostas do test son a transcripción literal do artigo engadindo unha resposta incorrecta diferente das opcións que figuran no artigo (Ensin de educación secundaria), en consecuencia, o Tribunal acorda **DESESTIMAR** a citada alegación. En consecuencia, mantense como opción correcta a C.

PREGUNTA NÚMERO 25: A pregunta dí: "Segundo o artigo 24.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, a cota tributaria das taxas consistirá, segundo dispoña a correspondente ordenanza fiscal, en: (sinala a INCORRECTA):

- A. A cantidade resultante de aplicar unha tarifa
- B. Unha cantidade fixa sinalada para o efecto



Concello da Coruña

- C. *A base imponible*
- D. *A cantidade resultante da aplicación conxunta de ambos os procedementos”.*

Unha persoa opositora alega a indeterminación das respostas ao incluír a resposta incorrecta.

O artigo 24.3 di: 3. “A cota tributaria consistirá, segundo dispoña a correspondente ordenanza fiscal, en:

- a) A cantidade resultante de aplicar unha tarifa,
- b) Unha cantidade fixa sinalada ao efecto, ou
- c) A cantidade resultante da aplicación conxunta de ambos os procedementos.”

Como pode apreciarse as respostas do test son a transcripción literal do artigo engadindo unha resposta incorrecta, en consecuencia, o Tribunal acorda **DESESTIMAR** a citada alegación. En consecuencia, mantense como opción correcta a C.

PREGUNTA NÚMERO 27: A pregunta dí: “Segundo establece o artigo 33 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, o pagamento das contribucións especiais prodúcese

- A. *No momento de iniciarse a execución das obras*
- B. *No momento da finalización das obras*
- C. *No momento en que o servizo deixe de prestarse*
- D. *No momento que hai un acordo”.*

Os alegantes expoñen en síntese que o tema 2 recolle “(...)Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais: Recursos das facendas locais: Enumeración. Imposición e ordenación dos tributos locais. Taxas. Prezos públicos”. Que se refire os artigos 2, 15 a 19, 20 a 27 e 41 a 47, polo que o consideran fora de temario.

Visto que o artigo 33 esta dentro do título I Recursos das facendas locais, pero dentro do capítulo de Tributos (sección 4ª Contribucións especiais), que non aparece recollida na descrición do temario, e por tanto debe ser anulada por non figurar no temario de referencia.

Visto que non figura no temario de forma expresa o capítulo III Tributos (sección 4ª Contribucións especiais), o tribunal acorda **ESTIMAR** esta alegación e, en consecuencia, **ANULAR esta pregunta**, que pasa a ser substituída pola pregunta **RESERVA NÚMERO 2**.

PREGUNTA NÚMERO 34: A pregunta di: “Cal é a orde correcta destes formatos de papel de maior a menor?

- A. *A5 - A4 - A3 - A1*
- B. *A3 - Folio - A4 - A5*
- C. *A2 - A3 - A4 - Folio - A5*
- D. *A resposta a) e a c) son correctas”*

Unha persoa opositora presenta unha impugnación a pregunta alegando que hoxe en día se identifica o folio co formato de papel DIN A4, co cal serían correctas, ou poderían selo, as respostas b) e c).

A alegación presentada non é correcta tendo en conta que folio e formato DIN A 4 non son o mesmo. Esta confusión vén das antigas medidas papeleiras antes da estandarización, o folio é un pouco máis grande (215 x 315 mm) que o formato DIN A4 (210 x 297 mm), polo que a alegación presentada á pregunta 34 debe ser desestimada.



Concello da Coruña

En consecuencia, o Tribunal acorda **DESESTIMAR** a citada alegación.

PREGUNTA NÚMERO 36: A pregunta di: *“O concepto de retroalimentación ou feedback consiste en:*

- A. *Facilitar información complementaria que axude a contextualizar a mensaxe que se pretende facer chegar ao interlocutor*
- B. *O conxunto de accións verbais e non verbais destinadas á consecución dunha escoita óptima*
- C. *Facilitar ao interlocutor información sobre como se percibiu ou entendido o que este está a comunicar, outorgándolle a posibilidade de que aclare a mensaxe*
- D. *A resposta a) e a b) son correctas”*

Unha persoa opositora presenta unha impugnación a pregunta alegando que a resposta c) dada como correcta polo Tribunal correspóndese coa definición de parafrasear, xa que o parafraseo busca verificar a comprensión repetindo o devandito con outras palabras, para dar a entender o interlocutor que se está interpretando ben a mensaxe, por se non é así que haxa a opción de aclaracións, Con todo o feedback busca máis avaliar, orientar e mellorar a comunicación achegando información nova ou unha valoración sobre un desenvolvemento. Por todo o devandito solicita que se considere como correcta a opción d) ou ben que se anule a pregunta.

A opción d) nesta pregunta non é correcta como se alega xa que a opción a) e b) refírese á escoita activa que é o acto de recibir, entender e procesar a mensaxe doutra persoa, mentres que o feedback é a resposta que dá quen recibe a mensaxe a quen llo transmitiu para que poida contrastar que a súa mensaxe chegou ou non de forma correcta. Se non é así, pode volver transmitilo ou realizar as aclaracións pertinentes.

En consecuencia, o Tribunal acorda **DESESTIMAR** a citada alegación.

PREGUNTA NÚMERO 37: A pregunta di: *“No desempeño da tarefa de preparación de materiais que se empregarán en reunións, é correcto sinalar que:*

- A. *Corresponde ao persoal subalterno, asegurándose da dispoñibilidade dos elementos necesarios para o acto*
- B. *Non corresponde en ningún caso ao persoal subalterno senón a persoal especializado que ademais se encargan de aprovisionar de material os almacéns*
- C. *Corresponde exclusivamente ao responsable da organización do evento, sendo tamén o encargado de preparar a sala e de ter as instalacións a punto*
- D. *Corresponde ao persoal auxiliar”*

Unha persoa opositora presenta unha impugnación a pregunta alegando que no cadro de respostas consta que a opción correcta é a “C” e considero que podería ser correcta a “A”. Nesta impugnación a interesada equivocouse de pregunta xa que no cadro de respostas figura como correcta a letra a); por tanto non existe o erro alegado e por conseguinte a alegación a esta pregunta debe ser desestimada.

En consecuencia, o Tribunal acorda **DESESTIMAR** a citada alegación.

PREGUNTA NÚMERO 38: A pregunta di: *“Para o mantemento dunha fotocopiadora debemos:*

- A. *Desconectar o interruptor principal antes de proceder á limpeza da máquina*



Concello da Coruña

- B. *Limpar o vidro de contacto cun pano humedecido en alcol ou deterxente suave en función das especificacións do fabricante e sen usar produtos abrasivos e disolventes*
- C. *As respostas a) e b) son precaucións a ter en conta alen de cambiar o tóner cando a máquina o solicite e repoñer o papel a medida que se aproxime o seu esgotamento*
- D. *Ningunha das respostas é correcta”*

Dúas persoas opositoras presentan unha impugnación a pregunta alegando que ou non utilizaría alcol ou que o mantemento da fotocopiadora debería ser efectuado por persoal cualificado.

Nas opcións que se dan á pregunta 38 cando se refire a un pano humedecido en alcol ou deterxente suave en función das especificacións do fabricante sen usar produtos abrasivos e disolventes claramente debe entenderse que debe de ser utilizado un alcol ou deterxente que sirva para limpeza industrial. En canto á alegación referida a que o mantemento dunha fotocopiadora é efectuado por persoal cualificado, da pregunta despréndese que é o mantemento básico, diario, que se debe realizar ás fotocopiadoras, que é o que corresponde a un subalterno.

En consecuencia, o Tribunal acorda **DESESTIMAR** a citada alegación.

PREGUNTA NÚMERO 40: A pregunta di: *“Unha reunión na que un experto realiza unha exposición sobre un tema específico con certo grao de complexidade e profundidade, dirixida a persoas con coñecementos previos na materia, denomínase:*

- A. *Congreso*
- B. *Conferencia*
- C. *Coloquio*
- D. *Asemblea”*

Dúas persoas opositoras presentan unha impugnación a pregunta alegando que a resposta correcta é a), ou consideran que se trata dun tema complexo que debería anularse.

As alegacións presentadas non son correctas tendo en conta que un congreso é un evento a gran escala onde se reúnen profesionais ou membros dunha asociación para debater, presentar investigacións e expoñer traballos, mentres que a conferencia é a exposición oral dun tema específico impartida por un experto, e de feito, adoita ser unha das actividades que conforman un congreso. O congreso é un evento integral que dura varios días e agrupa múltiples actividades mentres que a conferencia é só unha desas partes. En ningún momento na pregunta faise referencia a un evento a gran escala senón a unha reunión nin tampouco que as persoas ás que van dirixidas teñan que dominar a materia o que se indica é que vai dirixida a persoas que teñen coñecemento previos na materia non que a dominen. Doutra banda cando na pregunta se di “unha reunión na que un experto” non hai que entendela en sentido estrito e que só pode ser impartida por unha soa persoa.

En consecuencia, o Tribunal acorda **DESESTIMAR** as alegacións presentadas a esta pregunta.

PREGUNTA NÚMERO 44: A pregunta dí: *”Á falar dun fástener estamos a referirnos a:*

- A. *Un tipo de trade*
- B. *Un accesorio para encadernación*
- C. *Un tipo de proyector de corpos opacos*
- D. *Un tipo de grampado.”*

77 persoas alegan que a resposta correcta dada no cadro de respostas a), non é a correcta que a correcta é a b) Un accesorio para encadernación.



Concello da Coruña

Efectivamente a resposta dada como correcta no cadro de respostas non é correcta, tendo en conta que cando falamos de fástener estamos a referirnos a un accesorio de encadernación. Por conseguinte deben estimarse as alegacións presentadas e corrigir o erro material no cadro de respostas dando por válida a letra b) en vez da a).

Por tanto, o Tribunal acorda **ESTIMAR** esta alegación e, modificar o cadro de respostas poñendo a **resposta correcta** como a **B**.

PREGUNTA NÚMERO 46: A pregunta di: *“Nunha fotocopiadora, o lugar onde está depositado o papel que se vai a utilizar para reproducir o orixinal se denomínase:*

- A. *Vidro de contacto*
- B. *Tambor*
- C. *Bandexa de papel*
- D. *Fusor”*

Unha persoa opositora presenta unha impugnación a pregunta alegando que a resposta dada por correcta non é clara, podendo ser posibles a A) e a C), e pide a súa revisión.

A pregunta fai referencia claramente ao lugar onde está depositado o papel que se vai a utilizar para reproducir o orixinal, a resposta a) vidro de contacto non pode ser a correcta tendo en conta que é a superficie onde se coloca o documento orixinal para escanealo non onde está depositado o papel que a máquina utilizará para imprimir a copia.

En consecuencia, o Tribunal acorda **DESESTIMAR** a citada alegación.

PREGUNTA NÚMERO 47: A pregunta di: *“De conformidade co artigo 5.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, en diante LPAC, en cal dos seguintes supostos se deberá acreditar a representación:*

- A. *Formular declaracións responsables*
- B. *Desistir de dereitos*
- C. *Interpor recursos*
- D. *Para os actos e xestións de mero trámite”*

Distintas persoas opositoras presentan impugnación á pregunta 47 do cuestionario alegando diferentes causas. A pregunta está relacionada coa obrigatoriedade de acreditar a representación para determinadas actuacións dentro do procedemento administrativo, regulada no artigo 5.3 da Lei 39/2015. Compáranse as opcións recollidas no cuestionario co sinalado no devandito artigo, para maior claridade:

Opción A) No cuestionario indícase "Formular declaracións responsables" mentres que o texto legal sinala "Presentar declaracións responsables". Nunha pregunta test baseada nun texto legal, non caben as interpretacións, sinónimos ou analoxías. Debe irse á literalidade do precepto. Opción incorrecta

Opción B) No cuestionario "Desistir de dereitos". Na lei, "Desistir de accións". Desístese de accións e renúnciase a dereitos. Opción incorrecta

Opción C) No cuestionario "Interpoñer recursos". É a literalidade do precepto legal. Opción correcta

Opción D) No cuestionario "Para os actos e xestións de mero trámite". Neste caso, non é obrigado acreditar a representación pois a lei establece que, neste caso, "presumírase aquela representación". Opción incorrecta



Concello da Coruña

Por todo exposto, este tribunal acorda **DESESTIMAR** as alegacións efectuadas sobre a pregunta 47 do cuestionario ao considerar que as argumentacións aducidas non están xustificadas, de acordo co sinalado no artigo 5.3 da Lei 39/2015. En consecuencia, mantense como opción correcta a C.

PREGUNTA NÚMERO 51: A pregunta di: "A teor do artigo 107.3 da LPAC, a caducidade do procedemento de declaración de lesividade de actos anulables producirase....":

- A. *O procedemento de declaración de lesividade non está suxeito a prazo de caducidade*
- B. *Transcorrido o prazo de tres meses desde a iniciación do procedemento sen que se declarase a lesividade*
- C. *Transcorrido o prazo dun ano desde a iniciación do procedemento sen que se declarase a lesividade*
- D. *Transcorrido o prazo de seis meses desde a iniciación do procedemento sen que se declarase a lesividade"*

No escrito presentado existen varias incorreccións normativas. Así, sinálase que o prazo de prescrición da acción para a declaración de lesividade (4 anos desde que se ditou o acto administrativo) atópase no artigo 107.3, dato erróneo pois está no 107.2. A pregunta formulada cinguíase ao artigo 107.3 da Lei 39/2015.

Ademais, refire o escrito que "O prazo de caducidade por falta de resolución expresa neste procedemento non está regulado no artigo citado polo Tribunal, senón no artigo 110.4 da LPACAP, que prevé que a falta de declaración en seis meses producirá a caducidade". Pois ben, o mencionado artigo 110 (Límites da revisión) nin contén apartado 4 nin contempla prazo algún no seu contido.

En calquera caso, trátase de dous prazos distintos. O que ten a Administración para declarar a lesividade dun acto administrativo (4 anos desde que se ditou o acto administrativo, regulado no artigo 107.2 da LPAC) e, dese modo, evitar a prescrición da acción e o prazo que ten a Administración para, unha vez incoado o expediente de declaración de lesividade, resolvelo (seis meses desde a iniciación do procedemento sen que se tivese declarado a lesividade, artigo 107.3 da LPAC). Este último era o obxecto da pregunta.

Por todo o exposto, este tribunal acorda **DESESTIMAR** a alegación efectuada sobre a pregunta 51 do cuestionario ao considerar que as argumentacións aducidas non están xustificadas, de acordo co sinalado no artigo 107.3 da Lei 39/2015. En consecuencia, mantense como opción correcta a D.

PREGUNTA NÚMERO 52: A pregunta di: "De conformidade co artigo 35.1 da LPAC, serán motivados, con sucinta referencia de feitos e fundamentos de dereito:

- A. *Os actos que limiten dereitos subxectivos ou intereses ilexítimos*
- B. *Os actos que rexeiten probas propostas pola administración*
- C. *Os actos que se diten no exercicio de potestades regladas, así como os que deban selo en virtude de disposición legal ou regulamentaria expresa*
- D. *Os acordos de aplicación da tramitación de urxencia, de ampliación de prazos e de realización de actuacións complementarias"*

No escrito presentado, a persoa alegante refire que "O artigo 35.1, letra g) da Lei 39/2015 (LPACP) determina textualmente que serán motivados: "Os acordos de aplicación da tramitación de urxencia, de ampliación de prazos e de denegación de actuacións complementarias".

Transcríbense a continuación, na súa literalidade, os preceptos e) (a opción contemplada no cuestionario como correcta) e o g) aludido no seu escrito pola persoa opositora do artigo 35.1 da Lei 39/2015:



Concello da Coruña

"e) Os acordos de aplicación da tramitación de urxencia, de ampliación de prazos e de realización de actuacións complementarias.

(...)

g) Os actos que acorden a terminación do procedemento pola imposibilidade material de continualo por causas sobrevindas, así como os que acorden a desistencia pola Administración en procedementos iniciados de oficio".

Este tribunal non entra a valorar o resto do manifestado no escrito por considerar que non garda relación co obxecto da pregunta.

Por todo exposto, este tribunal acorda **DESESTIMAR** a alegación efectuada sobre a pregunta 52 do cuestionario ao considerar que as argumentacións aducidas non están xustificadas, de acordo co sinalado no artigo 35.1 da Lei 39/2015. En consecuencia, mantense como opción correcta a D.

PREGUNTA NÚMERO 4 RESERVA: A pregunta di: "O artigo 24 da Ordenanza reguladora da Administración Dixital no Concello da Coruña, atribúe a función de inscribir a representación da persoas que o soliciten no rexistro electrónico de representación da entidade local a:

- A. *As oficinas de atención cidadá que asumen as funcións das oficinas de asistencia en materia de rexistro e os puntos especializados de apoio*
- B. *Os puntos especializados de apoio*
- C. *As oficinas de atención cidadá que asumen as funcións das oficinas de asistencia en materia de rexistro*
- D. *O titular do órgano competente en materia de atención cidadá"*

Sendo a resposta correcta a C

A persoa alegante solicita que se rectifique o cadro de respostas ao considerar que a resposta correcta é a A.

O artigo 24 da Ordenanza reguladora da Administración Dixital no concello da Coruña dispón o seguinte:

"Artigo 24: Funcións das oficinas de atención presencial

1. As funcións das oficinas de atención cidadá que asumen as funcións das oficinas de asistencia en materia de rexistro son:

- a) Facilitar información sobre os servizos e trámites da entidade local e doutras administracións públicas.
- b) Recibir a presentación de solicitudes, escritos e comunicacións que as persoas interesadas dirixan aos órganos de calquera administración, e entregar o correspondente recibo que acredite a data e hora da devandita presentación.
- c) Facilitar ás persoas interesadas o código de identificación do órgano, centro ou unidade administrativa ao que dirixen as súas solicitudes, comunicacións e escritos.
- d) Dixitalizar e expedir copias auténticas dos documentos presentados presencialmente polas persoas interesadas para incorporalas no expediente administrativo electrónico.
- e) Enviar as solicitudes, os escritos e as comunicacións aos órganos competentes da entidade local e doutras administracións públicas.
- f) Outorgar apoderamentos apud acta a quen teña a condición de persoa interesada nun procedemento administrativo e compareza persoalmente.
- g) Inscribir a representación das persoas que o soliciten no rexistro electrónico de representación da entidade local.
- h) Realizar notificacións por comparecencia espontánea da persoa interesada ou do seu representante cando compareza e solicite a comunicación e/ou a notificación persoal nese momento.
- i) Asistir, no uso de medios electrónicos, ás persoas interesadas non obrigadas a relacionarse electrónicamente que así o soliciten, especialmente con respecto á



Concello da Coruña

identificación e sinatura electrónica no seu nome e á presentación de solicitudes a través do rexistro electrónico xeral.

j) Poñer á disposición das persoas interesadas os modelos de presentación de solicitudes individuais e os formularios de presentación masiva de solicitudes.

k) Calquera outra función que se lles atribúa legalmente ou regulamentariamente.

2. As funcións dos puntos especializados de apoio para a realización de trámites en determinadas materias, que prestan labores auxiliares de rexistro e dixitalización, son, con carácter xeral, as seguintes:

a) Facilitar información sobre os servizos e trámites da entidade local e doutras administracións públicas relacionados con esa materia determinada e, na medida das súas posibilidades, con outras materias propias da xestión municipal.

b) Recibir solicitudes, escritos e comunicacións que as persoas interesadas dirixan a eses órganos especializados por razón desa materia, e entregar o correspondente recibo que acredite a data e hora da devandita presentación.

c) Facilitar ás persoas interesadas o código de identificación do órgano, centro ou unidade administrativa de carácter sectorial á que dirixen as súas solicitudes, comunicacións e escritos.

d) Dixitalizar os documentos presentados presencialmente polas persoas interesadas para incorporalos ao expediente administrativo electrónico correspondente.

e) Enviar as solicitudes, escritos e comunicacións ao órgano competente por razón desa materia determinada.

f) Poñer á disposición das persoas interesadas os modelos de presentación de solicitudes individuais e formularios de presentación masiva de solicitudes relacionados con esa materia específica.

g) Aquelas outras que sexan autorizadas polo titular do órgano competente na materia." (...)

g) Os actos que acorden a terminación do procedemento pola imposibilidade material de continualo por causas sobrevindas, así como os que acorden a desistencia pola Administración en procedementos iniciados de oficio".

Este tribunal non entra a valorar o resto do manifestado no escrito por considerar que non garda relación co obxecto da pregunta.

Á vista da redacción literal do artigo 24 da Ordenanza reguladora da Administración Dixital do concello da Coruña, a única resposta correcta é a C xa que a función de inscribir a representación das persoas que o soliciten no rexistro electrónico de representación da entidade local é atribuída de forma exclusiva ás oficinas de atención cidadá que asumen as funcións de asistencia en materia de rexistro (apartado g) parágrafo 1). As funcións dos puntos especializados de apoio régulanse no parágrafo 2 e entre elas non figura a que é obxecto da pregunta.

Por todo exposto, este tribunal acorda **DESESTIMAR** a alegación efectuada sobre a pregunta 4 de Reserva do cuestionario, e en consecuencia, mantense como opción correcta a C.

Á vista do anterior, o cadro de respostas correctas experimenta as seguintes variacións:

PREGUNTA	VARIACIÓNS
18	Anulada e substituída pola de reserva núm. 1
27	Anulada e substituída pola de reserva núm. 2
44	A resposta correcta é a B)

A Coruña, na data da sinatura dixital deste documento electrónico

O secretario do Tribunal